



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

BANDO

ASUNTO: ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO **FESTAS DE SAN TELMO 2022**

O Concello de Tui ven celebrando dende hai anos un espectáculo pirotécnico de Fogos Artificiais como colofón dos actos das festas patronais na honra a San Telmo; este espectáculo realizarase nunha zona dos Xardíns de Rosendo Troncoso, e terá lugar o luns día 25 de abril de 2022 ás 23:30 h cunha duración prevista de 15 m.

Debido a que a festa de San Telmo está declara como festa de interese turístico de Galicia, este espectáculo pirotécnico é contemplado tódolos anos por multitude de persoas que se distribúen, principalmente, dende a Praza do Monumento o Cabalo Salvaxe, ata as rúas Antero Rubín e Cóengo Valiño, o longo do Paseo Irmáns Álvarez Blázquez.

Neste senso, o Concello de Tui como organizador do evento, pon en coñecemento da veciñanza e, do público en xeral, en especial, ós titulares de vivendas e elementos arquitectónicos de valor histórico, artístico e social, e residentes nos lugares indicados que o longo do citado día haberá restricións de tráfico no ámbito de zona de seguridade da tirada e avisa da presenza das dotacións da Policía Local, voluntarios de Agrupación local de Protección Civil con motobomba e ambulancia para atender calquera incidencia que se poida producir.

Así mesmo, solicitamos ao público asistente ó espectáculo pirotécnico a máxima prudencia e atención as indicacións de seguridade no transcurso do mesmo para evitar danos ás persoas e bens.

En Tui, na data que se sinala á marxe
O VOSO ALCALDE
Enrique Cabaleiro González

